



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2008 09:30
Nº Rexistro: 32455
Data envío: 30/09/2008 20:15:19.929

Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, deputado pertencente ao **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión**, relativa ás previsións de creación do Servizo Galego de Dobraxa e Lexendaxe.

Unha lingua como a galega, a única propia do noso país, e ademais de uso maioritario na súa poboación, aínda que minorizada, discriminada e residualizada, precisa de instrumentos -tamén de carácter institucional-, para facela conquistar espazos de uso social dos que até o momento está inxustamente excluída.

Así acontece na imensa maioría de medios de comunicación social - neste caso audiovisuais-, e singularmente no cinema. Menos do 1% dos filmes proxectados nas salas comerciais se dobran ao galego, indicándose ademais, como “advertencia” ao público que “esta película está dobrada al gallego”, segundo reza en cartaces que acompañan a publicidade dos filmes.

Esta situación non pode continuar. Galegas e galegos non temos dereitos de asistir, no noso propio país, á proxección de películas no idioma propio de Galiza. Así de elemental. A democratización deste ámbito, do punto de vista lingüístico, debe ser considerado un obxectivo dentro da planificación lingüística a desenvolver, na liña indicada no Plano Xeral de Normalización da



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Lingua Galega, aprobado por unanimidade polo Parlamento de Galiza en Setembro de 2004.

É importante, daquela, apostar polo cinema en galego. Implica isto pór en marcha accións dirixidas á dobraxe, mais tamén á distribución e exhibición, neste último caso superando a estrutura convencional -mais obviamente sen descartala- de cinemas comerciais, incluíndo novos circuitos (centros de ensino, “cinemas de verán” en moitos dos Concellos, asociacións culturais, centros cívicos, etc.) que permitan a moito máis público acceder á versión galega. E ademais con produtos atractivos e de éxito dirixidos aos diversos públicos.

Nesta mesma dirección, a posibilidade de contar no noso país cun Servizo de Dobraxa, sería útil, ademais do cinema, para incidir no DVD de uso doméstico, tanto de alugueiro, como de adquisición de colección de series de televisión, de filmes e animacións (por certo, cun bon número de seguidores entre o público infantil, con demanda de dobraxe en galego das súas series favoritas), e produtos similares.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

1. Ten previsto o Goberno de Galiza crear un Servizo Galego de Dobraxa e Lexendaxe?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/10/2008 09:30
Nº Rexistro: 32455
Data envío: 30/09/2008 20:15:19.929

2. En caso positivo, que pasos se darán para acadar ese obxectivo?

3. Ten previsto negociar co Goberno español a asinatura -como xa existe con Cataluña- dun convenio para o financiamento de traballos de dobraxe e lexendaxe ao galego de películas de cinema e DVD para a súa distribución comercial?

Santiago de Compostela, 30 de Setembro de 2008.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez
Deputado do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 30/09/2008 20:11:40